



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de Xestión de entidades deportivas: retos e desafíos

CONVOCATORIA: Curso superior de Xestión de entidades deportivas: retos e desafíos

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 25/02/2020 - 08:00h ao 26/10/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Un dos piares fundamentais sobre os que se sustenta o deporte o constitúen as diferentes entidades que artellan a práctica deportiva: clubs, federacións ou asociacións. A complexidade á hora de administrar, xestionar e dirixir este tipo de organizacións é crecente, dado que están a experimentar un proceso constante de axuste debido a factores como a profesionalización e comercialización do deporte, a súa crecente relevancia social e a contorna onde desenvolven a súa actividade, o que se traduce nunha variedade de formas estruturais.

É por iso que mediante este curso preténdese achegar ás persoas destinatarias as principais cuestións referentes ao proceso de xestión das entidades deportivas, facendo especial fincapé nos aspectos económicos, procedementais e lexislativos desde un punto de vista eminentemente práctico.

DESTINATARIOS

Este curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (autonómica e local), dos seus entes instrumentais, e das universidades do Sistema universitario de Galicia con responsabilidade na xestión de entidades e instalacións deportivas.

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderán acceder outras persoas interesadas nos contidos do curso.

PROGRAMA

- Marco legal (4 horas, 1 sesión):
 - Aproximación ao marco xurídico-deportivo.
 - Regulación específica da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Normativa de aplicación.
 - Subvencións e outras axudas públicas.
 - Procedementos administrativos.
- Ferramentas de xestión (4 horas, 1 sesión):
 - Planificación anual.
 - Orzamento de explotación.
 - Cadro de mando e indicadores de xestión.
- Xestión económica e financeira (4 horas, 1 sesión):
 - Orzamentos e estimacións.
 - Cálculo de custos.
 - Control orzamentario e seguimento económico.
 - Tesouraría.
- Análise de datos e xestión da calidade (4 horas, 1 sesión):
 - Introdución á análise de datos.

- b. Calidade do servizo.
 - c. Xestión de datos.
 - d. Consumidores, clientes e usuarios.
5. Marketing deportivo (4 horas, 1 sesión):
- a. O cliente como razón de ser.
 - b. Concepto de marketing.
 - c. Plan de marketing.
 - d. Design thinking.
6. Cuestións transversais (8 horas, 2 sesións):
- a. Riscos e seguridade.
 - b. Responsabilidades legais.
 - c. Recursos humanos.
 - d. Novas tecnoloxías.
7. Traballo autónomo do alumnado (12 horas):
- a. Planificación de xestión de organización deportiva.
 - b. Plan de mellora aplicado.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes, dando preferencia ao persoal empregado público especificado no primeiro parágrafo de persoas destinatarias, punto 4 da resolución pola que se convoca este curso.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

De acordo co disposto no punto 6.3º da resolución pola que se convoca este curso: Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo aos requisitos de selección establecidos nos puntos 4 e 8 da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 10/03/2020 a 26/10/2020

NUM. PRAZAS: 80 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ RAMÓN LETE LASA

Jorge Rubén Sampedro Grande

Iván Clavel San Emeterio

PATRICIO SANCHEZ FERNANDEZ

Jesyca Salgado Barandela

Jorge García Unanue

FERRAN CALABUIG MORENO

Xosé Luis Reza Pérez

DAVID FABEIRO AGRASO

Santiago López Cuadrado

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Sala telepresenza: Os días 19 e 26 de outubro de 16:00 a 20:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Canceladas as clases presenciais do curso posteriores ao 10 de marzo.

Seguimento a través da aula virtual nas modalidades de TELEPRESENZA/TELEFORMACIÓN despois da realización

da primeira sesión presencial (10 de marzo) ata a súa finalización o día 26 de outubro de 2020.